

Novelar a Historia

Unha novela é “algo que lle acontece a alguén, nalgures”; talmente como a vida. Escribir sobre os feitos é sempre inventalos: calquera cronista goza do privilexio literario de recrear a realidade e a Historia mesma constrúese segundo as veleidades de sucesivos narradores. As interpretacións sobre o ocorrido resultan sempre plurais, mudables, discutibles e, depende de como sobre o vento, érguense os mitos ou as lendas derrúbanse. *María das batallas* alicerza en datos rigorosamente históricos, mais, á vez, constitúe unha obra de ficción; en ambos casos, segundo o autor declara, debe moito aos esforzos doutros escritores que, anteriormente, recolleron os acontecementos aos que nela se alude: o asalto á Coruña perpetrado polas tropas inglesas en maio de 1589 e as biografías dos seus máis recordados protagonistas: María Mayor Fernández de Cámara -coma sempre quixo ser chamada María Pita- e Sir Francis Drake, heroes contraditorios e tamén complementarios.

Na obra intercálanse tres voces narradoras -botei, por certo, en falta maior axilidade narrativa e unha definición esti-

Da dimensión humana dos heroes



DOLORES MARTÍNEZ
TORRES

entre Inglaterra, España e Portugal, derivado do asunto da Grande Armada e outros problemas de índole sucesoria- e deténse en analizar a visceral carraxe que enche de forza ás mulleres e as empurra a participar decisivamente na loita. O segundo narrador representa a visión dos atacantes; trátase de John Hawkins, curmán e compañeiro de armas de Drake, quen, nos días previos á pouco heroica morte do mariño, reme-

ruña. Por último, Francisca Arratia, a filla de María Pita concibida no asalto á cidade, intenta precisar como era -e como non era- a súa nai, alén de prexuízos e de romanticismos; é este o retrato dunha muller forte, sexualmente decidida, que soubo aproveitar as oportunidades de medrar que lle ofrecía a vida, e preséntaa máis coma heroína do cotián, escaladora de chanzos sociais e preiteadora temible, que como figura épica, inspiradora de poetas. Entre as viúvas doentes que, armadas coas pedras da desesperación e os travesiros dos seus leitos de vodas, defenderon A Coruña, María Pita semella ser só unha máis; iso si, unha das poucas non analfabetas, afeita a baterse nas batallas legais, onde, á fin de contas, conseguiu, persoalmente, os seus mellores logros.

MARÍA PITA
APARECE
DEBUXADA COMO
UNHA HEROÍNA
DO COTIÁN

lística máis precisa para cada unha delas- que ofrecen distintos puntos de vista sobre o episodio bélico e como este se insire nas biografías dos citados personaxes. Por unha banda, un privilexiado coñecedor dos feitos dá conta do asedio e da organización da defensa, ao tempo que reflexiona sobre as circunstancias que concorrian naqueles días no país e na cidade, dividida en dous barrios ben diferenciados socialmente: a Cidade Alta, intramuros, e a traballadora Pescadería; o narrador subliña a ineptía das autoridades encargadas de facer fronte ao ataque -interpretado este coma parte do xogo político de relixións e vinganzas

mo-
ra a
historia familiar e relata con ton crítico a figura do navegante, pródigo en caprichos e trapacerías, e moi hábil para tirar proveito ata das fañañas que non protagonizou -entre elas, a súa dubidosa volta ao mundo-; sorprende a análise do carácter galego, inzada de tópicos, que, na liña do anterior narrador, o inglés fai a partir das escaramuzas levadas a cabo pola súa flota nas costas de Galicia, desde as incursións en Baiona ata o asalto á Co-



Esta “crónica novelada” reflicte a dimensión máis humana dos heroes e a relatividade das vitorias. De fondo, un século marcado pola expansión marítima e as guerras convocadas, no nome de Deus, pola cobiza dos imperios.

CONDE, Alfredo, *María das batallas*, Ed. Galaxia, Vigo, 2007, 301 páxinas.